

**ANEXO**  
**PROGRAMACIÓN EDUCACIÓN INFANTIL**  
**(POR MOR DO ESTADO DE ALARMA)**

Esta programación vai dirixida ao alumnado do segundo ciclo de E.I. nos seus tres niveis (3, 4 e 5 anos) do C.E.I.P Mestre Vide da cidade de Ourense.

O Centro conta con 6 unidades de E.I., (dúas por nivel) e 12 unidades de E.P.

Nesta etapa, contamos con 8 mestras especialistas de E.I., 6 titoras e 2 de apoio, profesorado de apoio de P.T. e A.L. dependente do Departamento de Orientación e especialistas de Lingua Extranxeira, Música e Psicomotricidade.

Esta proposta didáctica presenta unha serie de características que permiten dar resposta ás necesidades que atopamos na aula coa achega de recursos para o **desenvolvemento das intelixencias múltiples**. Pretende contribuír a que nenos e nenas desenvolvan ao máximo as súas capacidades nun marco de igualdade de oportunidades.

Traballamos co Método Globalizado “Palomitas de Maíz”, da editorial Anaya e nos niveis de 4 e 5 anos, o método “El País de las letras” da editorial Edelvives, serve como apoio á iniciación á lecto-escritura

Este proxecto é **aberto e flexible** que aposta por unha programación de competencias, obxectivos, contidos, criterios de avaliación e actividades, e por unha metodoloxía que nos permite ao profesorado adaptarnos ás necesidades concretas de cada contexto e ás dos alumnos e alumnas que nel se integran. Por iso, non condiciona unha única forma de traballar senón que permite integrar o enfoque educativo propio para dar unha resposta adecuada ao tratamento da diversidade.

*Dadas as novas circunstancias motivadas pola pandemia do Covid-19, esta programación faisemáisaberta e flexible que nunca dadas as circunstancias nas que nos atopamos.*

*Como ben di a nosa programación “non condiciona una única forma de traballar” polo que nos permite adaptarnos ás novas formas de ensino-aprendizaxe do noso alumnado que xa non é presencial senon vía telemática.*

*As idades do noso alumnado fan imprescindible a implicación das familias no referente a comunicación, seguimento das actividades propostas e posterior envío ao profesorado.*

As **actividades**, parten de experiencias próximas aos pequenos e ás pequenas, relacionadas coa súa vida cotiá, como o colexio, a familia, a cidade, a rúa, a casa, o corpo e os seus coidados, os alimentos, as tendas, os animais, as plantas, os diferentes tipos de paisaxes, a auga, o parque, o xardín...,son os principais centros de interese cos que se traballa. Estas actividades contribúen ao desenvolvemento das **intelixencias múltiples**, da capacidade de imaxinar, explorar, investigar, pensar, reflexionar, emprender, realizar proxectos individuais con creatividade, confianza e responsabilidade, á vez que propician no alumnado oportunidades para a construción da súa identidade.

*E así continuamos o traballo con oso alumnado: con actividades moi relacionadas coa súa situación de confinamento pero sendeixar de ser motivadoras e adaptadas en todo momento á programación establecida.*

*Son actividades de reforzo dos coñecementos adquiridos ata o 2º trimestre, de investigación, de expresión plástica e musical, de razoamento, de pensamentolóxico... de todos os estándares de aprendizaxe da Educación Infantil.*

*Agora son “actividades on line” enviadas a través do noso BLOG <https://infantilmestrevide.blogspot.com/> e reenviadas ao profesorado a través dos correos electrónicos que cada mestrahabilitou para o proceso.*

*Esas actividades teñen una exposición de novo no blog para que o alumnado vexa as súas tarefas.*

Os **contidos están secuenciados** nas diferentes áreas, sen prexuízo do carácter global que ten a etapa da Educación Infantil.

*E todas as actividades que se propoñen, baséanse nese CARÁCTER GLOBAL.*

Repásanse e reforzan continuamente os conceptos xa aprendidos, contribuíndo así ao desenvolvemento das competencias. Nos tres niveis trabállanse os mesmos centros de interese, pero cun enfoque moi diferente e, lóxicamente, con distinta profundidade.

*Así propoñemos un mesmo conto pero con actividades diferntes para cada nivel.*

Sempre partiremos das experiencias e coñecementos previos dos nenos e das nenas e fomentaremos a colaboración **familia-escola** para contribuir a formar ao alumnado en aspectos fundamentais para a adquisición progresiva de **hábitos e comportamentos desexables**, necesarios para a súa integración na sociedade: autonomía, coidado do medio, coidado dos espazos, expresión de sentimentos, etc.

*E neste momento excepcional que temos que vivir esta colaboración faise máis intensa e necesaria xa que son as familias as “intermediarias” do proceso de aprendizaxe.*

*Tendo en conta esto, as actividades son o máis motivadoras posibles tanto para o alumnado como para as familias que teñen que guiar a súa elaboración.*

Trabállanse aspectos relacionados coa **educación emocional** como o cariño, o enfado, os celos, o medo, a alegría, a tristeza, a manifestación de gustos e opinións, o control dos impulsos...

*Son moitas as mensaxes de ánimo que tentamos trasmitir ao noso alumnado, desconcertado por esta situación, pero, á súa vez, moi concienciado do porque de este confinamento: así procuramos que a presentación dos seus traballos no Blog sexa motivadora e divertida. Así mesmo, cando se reciben as actividades no correo electrónico, a resposta sempre é de “ánimo” e “reforzo positivo”.*

Abordamos a **iniciación á lectura e escritura** desde o nivel 3 anos. con recursos para facilitar o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística partindo do nivel de cada alumno ou alumna e das súas necesidades educativas.

*E así procuramos que siga sendo con actividades relacionadas co xa aprendido antes do confinamento (El País de las Letras en 5º e 6º de E.I) e contos para todos os niveis.*

A Educación Infantil debe potenciar e desenvolver ao máximo todas as posibilidades do alumnado e dotalo das competencias, as destrezas, as habilidades, os hábitos, as actitudes que faciliten a posterior adaptación á Educación Primaria.

*Está claro que esta situación é e será diferente. O alumnado que pasa a Primaria, sobre todo, terá que reforzar aqueles contidos que quedaron un pouco descolgados o último trimestre deste curso, isto farase constar nos INFORMES DE AVALIACIÓN FINAL de cada alumno/a e o profesorado que os acolla terá que telo moi en conta.*

### **Obxectivos xerais do segundo ciclo da Educación Infantil**

A etapa da Educación Infantil constitúe unha unidade curricular. Por iso, a formulación de obxectivos, tanto xerais como de área, non debe supor un desenvolvemento parcelado do currículo. Cada un dos obxectivos de área poderá relacionarse cun ou varios obxectivos xerais e viceversa, o que permite a planificación do traballo educativo dunha maneira integrada.

**Os obxectivos xerais do segundo ciclo da Educación Infantil** deberán adecuarse ás distintas idades e aos ritmos de aprendizaxes dos alumnos e das alumnas.

- a) Descubrir e construír, a través da acción, o coñecemento do seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción, adquirindo a coordinación e o control dinámico xeneral necesarios, actuando con seguridade e confianza e aprendendo a respectar as diferenzas.
- b) Construír a súa propia identidade e ir formándose unha imaxe positiva e axustada de si mesmo/a e desenvolver as súas capacidades afectivas tomando gradualmente conciencia das súas emocións e sentimentos a través do coñecemento e valoración das características propias, as súas posibilidades e límites.
- c) Adquirir progresivamente autonomía na realización das súas actividades habituais e na organización das secuencias temporais e espaciais cotiás, e na práctica de hábitos básicos de saúde e benestar e promover a súa capacidade de iniciativa.
- d) Adquirir hábitos de hixiene, alimentación, vestido, descanso e protección.
- e) Observar e explorar a súa contorna física, social e cultural, xerando interpretacións de algúns fenómenos e feitos significativos para coñecer e comprender a realidade e participar nela de forma activa.
- f) Observar e explorar o mundo que lles rodea a través do xogo e da acción e desenvolver actitudes de curiosidade e observación.
- g) Establecer relacións positivas e satisfactorias cos seus iguais e cos adultos, tendo en conta as emocións, sentimentos e puntos de vista dos demais, adquirindo as pautas elementais de convivencia e relación social, respectando a diversidade e exercitándose na resolución pacífica dos conflitos.
- h) Iniciarse no coñecemento das ciencias.

- i) Iniciarase no coñecementodoutros lugares e pobos do mundo, desenvolvendo actitudes de respecto e de tolerancia.
- j) Desenvolver habilidades comunicativas a través de diferentes linguaxes, incluída a linguaestranxeira, e formas de expresión a través do movemento, o xesto e o ritmo.
- k) Utilizar a linguaxe oral de forma cada vez máis adecuada ás diferentes situacións de comunicación para comprender e ser comprendidos polos outros.
- l) Iniciarase no manexo das ferramentaslórico-matemáticas, natecnoloxías da información e da comunicación, e no desenvolvemento de estratexias cognitivas.
- m)Aproximarse á lectura e á escritura en situacións da vida cotiá a través de textos de uso social, valorando a linguaxe escrita como instrumento de comunicación, representación e goce.
- n) Descubrir o pracer da lectura a través dos contos e relatos.
- o) Iniciarase no uso educativo e recreativo da biblioteca escolar como espazo idóneo para o coñecemento, a información e o entretemento.
- p) Coñecer e participar nalgunhasmanifestaciónsculturais e artísticas da súa contorna ou da súa comunidade, tendo en conta a súa diversidade e desenvolvendo actitudes de interese, aprecio e respecto cara á cultura e a pluralidade cultural.

*Neste momento, os ObxectivosXerais, serán o principal referente á hora de AVALIAR a noso alumnado xa que non podemos avaliar de outroxeito (falta o 3º trimestre).*

### **Avaliación: Procedementos, Instrumentos E Criterios.**

A avaliaciónterá en conta os obxectivosxerais da Educación Infantil, as competencias, os contidos curriculares dos distintos ámbitos de aprendizaxe, todos os criterios de avaliación establecidos e as aprendizaxes adquiridas.

A avaliación no segundo ciclo de educación infantil será global, continua e formativa.

*E avaliaremos as aprendizaxes adquiridas en función dos ObxectivosXerais, anteriormente citados; e que son o referente á hora de elaborar ítems de avaliación que cubrimos para informar á familias do proceso de ensino-aprendizaxe do seu/súa fillo/a.*

A valoración do proceso de aprendizaxeexpresarase en termos cualitativos, recollendo os progresos efectuados polos nenos e nenas e, se é o caso, as medidas de reforz e adaptación levadas a cabo.

*A maioría das aprendizaxes a “avaliar” neste 3º trimestre EXCEPCIONAL, non suporán en ningún momento un impedimento para a promoción do noso alumnado pero sí serán o referente para o profesorado de E.P. que os acolla.*

O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa práctica docente. Os mestres e as mestras que imparten a Educación Infantil deberán avaliar a súa propia práctica educativa co fin de adecualas necesidades do alumnado. É imprescindible que o docente reflexione sobre a adecuación da programación

dos obxectivose dos contidos formulados, sobre as relacións de comunicación e o clima en que se desenvolven as actividades, sobre o grao de atención educativa personalizada e sobre todos os aspectos que deben recibir a debida atención.

*E así o fixemos todo o profesorado de E.I.*

*Adecuamos a nosa práctica docente ás novas circunstancias ocasionadas por esta pandemia:*

- *Facendo un BLOG (<https://infantilmestrevide.blogspot.com/>) como canle de comunicación para a proposta de actividades para o proceso de ensino-aprendizaxe e como “escaparate expositor” das actividades feitas polo noso alumnado, que chegaban a través do correo electrónico do propio blog ([infantilmestrevide@gmail.com](mailto:infantilmestrevide@gmail.com)) ou dos correos electrónicos do profesorado (cítase a continuación).*
- *Comunicación a través de correo electrónico que cada mestrafixo para esta situación.*
- *Comunicación oficial a través de ABALAR.*
- *Comunicación a través da web do centro educativo (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestrevide/>).*